

## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

### **BASES DE FUNCIONAMENTO DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA E CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL**

**Situación:** Centro Xove de Creación Cultural. Rúa Proxecto Vagalume, 2

**Dotación:** 3 salas equipadas e un estudo de gravación

**Comezo do servizo:** curso 2004-2005

**Teléfono:** 981 543 001

**Fax:** 981 543 002

**Correo electrónico:** [dptoxuventude@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoxuventude@santiagodecompostela.gal)

**Páxina web:** [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

#### **I. Obxecto**

Estas bases teñen como obxecto complementar as condicións existentes de uso das instalacións e do material dos *Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela*, polo seu traslado ao Centro Xove de Creación Cultural.

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela pon a disposición dos grupos musicais da cidade un equipamento municipal situado no Centro Xove de Creación Cultural, na Rúa Proxecto Vagalume, 2 co obxectivo de:

- Fomentar a práctica musical dos mozos e mozas de Compostela dotándoos dos recursos profesionais e técnicos necesarios.
- Contribuír a unha maior formación musical e técnica dos grupos que fan uso deste equipamento, mediante o deseño de accións formativas relacionadas con esta disciplina.
- Crear unha plataforma de encontro da mocidade para o intercambio de experiencias musicais, formativas e de lecer.
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a xuventude a conciencia de seu, e difundir entre a cidadanía os aspectos positivos da cultura musical da xente moza.
- Promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, ampliando a oferta de actividades e facilitando a súa accesibilidade para o sector xuvenil.

#### **II. Locais e materiais**

Os locais, están distribuídos en tres salas equipadas, cada unha co seguinte material:

- Batería
- 2 Amplificadores de guitarra
- 1 Amplificador de baixo
- 2 Caixas autoamplificadas con mesa de mesturas propia
- 2 micrófonos e pés de micrófono

Ademais un dos locais está preparado como estudo de gravación, con mesa, ordenador e software propio.

### III. Horarios

O horario de uso dos locais axustarase ás franxas horarias que a continuación se detallan:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO
MAÑÁ	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.
	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.
TARDE	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	GRAVACIÓN
	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	GRAVACIÓN
	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	GRAVACIÓN

Os grupos poderán usar os locais en máis dunha franxa horaria semanal sempre e cando haxa dispoñibilidade e logo de que a persoa representante o solicite ao equipo do Centro Xove de Creación Cultural polas canles previstas. Esta ampliación horaria non terá carácter permanente e estará suxeita a revisión en caso de que outros grupos musicais o solicitaren, ou no caso de que o propio espazo precise as instalacións por motivos de organización ou actividades propias.

Os grupos tamén poderán solicitar o uso durante períodos de menor duración que os indicados, cun mínimo de 30 minutos.

### IV. Presentación de solicitudes

Poderán presentar solicitudes para o uso dos locais, aqueles mozos e mozas que en representación dun grupo musical, con membros empadroados no Concello de Santiago de Compostela, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Xuventude ou na sede electrónica do Concello, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4 ou a través da sede electrónica do concello (sede.santiagodecompostela.gal).


A solicitude deberá ir acompañada da fotocopia do DNI de todos os membros do grupo.

### V. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso

(a) Priorizaranse as solicitudes de reserva mensual de 8 horas do equipamento. No caso de que se necesite máis tempo, poderase solicitar ampliación do horario e o uso puntual das instalacións.

(b) O equipamento acollerá aos grupos que teñan como mínimo o 50% dos membros empadroados no Concello de Santiago.

(c) O equipamento acollerá a os grupos cunha media de idade non superior aos 35 anos. Todos os integrantes da banda deberán acudir ós ensaios con carácter regular.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

(d) Mensualmente revisaranse os horarios e, caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.

(e) A autorización para o uso das instalacións comunicáraselle á persoa solicitante. Neste documento constará a identificación do solicitante, o seu número de documento de identidade, a relación dos membros que compoñen o grupo, os días e horas nas que se autoriza o uso dos locais e a sala a utilizar.

(f) O dereito ao uso do local terá unha vixencia dun ano. A renovación da autorización deberá solicitarse durante o mes de setembro de cada ano.

(g) Unha mesma persoa non poderá figurar como representante ou membro de máis de dous grupos.

(h) Os grupos autorizados non poderán compartir máis de dous dos seus membros. No caso de detectarse esa situación, comunicáraselle aos grupos afectados, que deberán reestruturar as súas formacións. De non facelo, revogarase as súas autorizacións.

(i) Os grupos que desexen realizar un cambio no seu horario, deberán comunicalo por escrito para realizar a actualización. Terán prioridade na selección de horas de uso os grupos que xa estean utilizando o servizo fronte a aqueles de nova incorporación.


### **VI. Procedemento para o acceso ás instalacións**

(a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo ou calquera outro membro do grupo debidamente identificado co seu DNI orixinal deberá dirixirse ao persoal do Centro Xove de Creación Cultural, que facilitará o acceso ao local asignado, e rexistrará a súa entrada e saída nun parte de asistencia. A non presentación deste documento (DNI) impedirá o acceso ao local. O persoal encargado de controlar o acceso aos locais poderá solicitar a identificación de todos os integrantes do grupo a través do seu DNI, e denegar a entrada a aquelas persoas que non estean en posesión do mesmo.

A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de técnicos do centro co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións e a correspondente presentación do responsable do grupo ao persoal.

(b) Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, acompañado do persoal do centro, que tamén o revisará á saída do grupo.

(c) Cada solicitante é responsable da limpeza básica e da orde das instalacións que se lle autorice a usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. O incumprimento desta condición será causa para a revogación da autorización de uso. Tomaranse as medidas que se consideren oportunas en función da gravidade da conduta observada, podendo chegar á perda do dereito ao uso dos locais temporal ou definitivamente.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

(d) Os usuarios dos locais responderán dos danos causados aos locais e ao seu equipamento no que exceda da deterioración ordinaria polo seu uso normal.

(e) O equipamento poderá permanecer fóra de servizo temporalmente por motivo de reparacións ou por outras causas xustificadas.

### **VII. Obrigas dos usuarios.**

O/a solicitante deberá observar as seguintes instrucións de uso:

(a) Acudir ao local de ensaios o día e hora na que se lle autorizou:


- Respectar os horarios e salas asignados: non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada. A entrada ou saída do local con retraso en tres ocasións consecutivas ou cinco anuais suporá a baixa automática do uso deste equipamento.

Se por calquera motivo un grupo non vai facer uso das instalacións no horario que teñen asignado durante un período curto de tempo, será obriga do grupo remitir dita información ao Departamento de Xuventude, a fin de que as horas que correspondan ó conxunto queden dispoñibles para outros usuarios durante o devandito período de ausencia. Dita comunicación deberá ter lugar, como mínimo, con tres días de antelación sobre a data de non asistencia ás instalacións se é unha ausencia puntual, ou con sete días de tratarse dun período prolongado. De non observarse esta norma, se considerará unha ausencia non xustificada.

No caso de que sexa unha ausencia puntual por causa de forza maior, será obriga do grupo informar desa situación ó equipo do Centro Xove de Creación Cultural polas canles previstas. Poderá facerse uso desta medida ata en 2 ocasións por ano, a partir das cales computarán como ausencias non xustificadas.

- Todos os grupos teñen a obriga de facilitar ó persoal do Centro Xove de Creación Cultural a inspección das instalacións en calquera momento. Ademais, deberán informar de calquera desperfecto ou incidencia identificada antes de abandonar as instalacións, especialmente daquelas causadas durante o seu ensaio.
- En caso da non utilización do local en tres ocasións consecutivas ou en cinco anuais, sen xustificación, procederase á baixa automática do uso deste equipamento.
- Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización do equipo do Centro Xove de Creación Cultural.

(b) Boas prácticas no uso das instalacións e do material:



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

- Cada representante do grupo asume a responsabilidade de comunicarlle ao persoal, todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, entre outros servizos para o que se facilitará un parte de incidencias.
- Queda terminantemente prohibido trasladar material dunha sala a outra.
- Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cableado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.
- No caso de producirse danos que excedan da deterioración ordinaria polo uso normal das cousas, o grupo de que se trate a través do seu representante deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- O Departamento de Xuventude poderá deseñar diferentes accións formativas que incidan na mellora do uso das instalacións, instrumentos e recursos técnicos cos que conta os locais ou mellora da propia formación musical. Neste caso, cada grupo terá o compromiso de designar a un representante que participará nestas accións formativas, se fose o caso; a non participación en ditas actividades poderá supoñer a baixa automática do grupo.

### (c) Limpeza básica das instalacións:


- Debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
- Non se permite fumar, consumo de bebidas ou comer nos espazos habilitados para o ensaio.
- Non se permiten anuncios de carácter privado nos taboleiros, agás aqueles que se relacionen coa procura de novos músicos e similares, ou nos espazos dispostos para tal fin polo Departamento de Xuventude.

(d) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento que se convoquen dende o Departamento de Xuventude, así como ás diferentes accións formativas que con carácter obrigatorio se programen.

(e) Facilitar ao Departamento de Xuventude ou ao equipo do Centro Xove de Creación Cultural toda aquela información sobre o grupo, traballo realizado e calquera outro dato de interese. Esta información poderá ser utilizada na difusión deste equipamento municipal.

(f) O Departamento de Xuventude poderá requirir como mínimo unha actuación ao ano, , co obxecto de promover o equipamento, dentro do propio Centro Xove de Creación Cultural ou en espazos habilitados da cidade.

(g) Este equipamento poderá acoller aquelas iniciativas extraordinarias (concertos, presentacións de traballos, gravacións, encontros...) que se acorden oportunamente e sempre previa autorización correspondente do Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

### VIII. Incumprimentos

Serán amoestados os grupos que amosen actitudes que non se axusten ás normas aquí descritas, así coma mostrar condutas irrespectuosas ante calquera persoa que traballe no servizo.

O Departamento de Xuventude valorará a perda do dereito ao uso das instalacións e dos materiais indicados nos artigos I e II, de forma temporal ou definitiva, en función do incumprimento das instrucións dos usuarios respecto do uso das instalacións, sen prexuízo da responsabilidade que puidera haber.


### IX. Réxime de uso de espazos do Centro Xove de Creación Cultural

Con respecto ao Centro Xove de Creación Cultural, serán aplicadas as mesmas normas de uso que as presentes normas dos Locais Municipais de Música para a Xuventude agás no relativo aos horarios, nos que non haberá franxas horarias de uso.

Terase en conta que:

- Os espazos serán cedidos para a realización de todas aquelas iniciativas que, segundo o criterio da Concellaría de Mocidade, teñan que ver con actividades sociais, culturais, formativas, de lecer e participación cidadá para o colectivo mozo.
- A cesión atenderá a criterios de representatividade, interese ou utilidade pública e recursos propios, coa limitación que impoña a coincidencia no uso de espazos a solicitude de varias persoas ou do propio Concello.
- Non se autorizará a reserva de espazos a quen fomenta iniciativas que vaian en contra da convivencia e cuxo único fin sexa o lucro persoal e/ou o beneficio individual.
- Os espazos serán cedidos con carácter gratuíto, así mesmo as actividades que vaia realizar a entidade peticionaria non poden ter ningún carácter lucrativo e quedará excluída a realización de calquera actividade de carácter comercial.
- A reserva farase co compromiso por parte da persoa solicitante de acatar as normas que aparecen recollidas neste documento e indicadas segundo o caso polo propio persoal do Centro Xove de Creación Cultural.
- As reservas de uso concederanse respectando a orde de solicitude das persoas peticionarias.
- Os espazos do centro poderán cederse a outros servizos e proxectos municipais sempre e cando non interfiran na dinámica do centro e incidan no colectivo mozo (14-35 anos).
- Outros colectivos distintos aos relacionados coa mocidade poderán facer un uso puntual e limitado das instalacións, sempre e cando non interfiran coas actividades propias do equipamento e teñan unha xustificación de carácter social ou cultural a criterio da Concellaría de Mocidade.
- A reserva do uso das instalacións quedará supeditada a actos organizados o autorizados pola Concellaría, e non dará lugar a reclamacións cando haxa que suspenderse ou variarse o horario de reserva anteriormente autorizado.

Os solicitantes do centro poderán ser:



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Xuventude

a) Asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade con sede no Concello de Santiago de Compostela.

b) Asociacións e entidades que teñan sede social no Concello de Santiago de Compostela, sempre que as persoas destinatarias das súas actividades sexan mozos ou mozas entre 14 e 35 anos.

c) Grupos de mozos e mozas coas seguintes características:

- Os grupos estarán formados como mínimo por tres persoas e as accións obxecto de solicitude deberán repercutir no colectivo mozo.

- Os grupos nomearán unha persoa maior de idade, que actuará como representante.

- As solicitudes presentadas por menores de idade deberán contar coa correspondente autorización parental.

d) Persoas individuais sempre que as persoas destinatarias das súas actividades sexan mozos ou mozas entre 14 e 35 anos.

Terán prioridade todas as actividades e programas promovidos pola Concellaría de Mocidade ou polo Centro Xove de Creación Cultural.

### **X. Extinción das autorizacións**

As autorizacións de uso das instalacións extinguirase polas seguintes causas:

a) Caducidade polo transcurso do seu prazo de vixencia.

b) Renuncia do beneficiario.

c) Mutuo acordo entre o beneficiario e o concello.

d) Revogación polo concello, por razóns de interese público, cando resultase incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, se producisen danos nos bens, se impida a súa utilización para actividades que o concello xulgue de maior interese público ou se menoscabe o uso xeral.

e) Falecemento, disolución ou extinción da sociedade.

f) Ocupación dun espazo diferente ao autorizado.

g) Incumprimento das condicións impostas no seu outorgamento.